



## BANDO DA ALCALDÍA

**DON MANUEL ÁNGEL OTERO LEGIDE, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Mondoñedo, por medio do presente,**

### **AXUDAS PERSOAS TRABALLADORAS AUTONOMAS CRISE COVID-19**

#### **FAI SABER:**

Que o 18/11/2020N PUBLÍCASE NO DOG a Orde do 17 de novembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de rescate das persoas traballadoras autónomas afectadas pola crise da COVID-19 financiado con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020 e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR400A).

Poderán ser beneficiarias das axudas reguladas nesta orde todas as persoas traballadoras autónomas de alta no RETA ou no Réxime de Traballadores do Mar como traballadores por conta propia e que teñan o domicilio fiscal en Galicia e que teñan recoñecido o cesamento ordinario ou extraordinario de actividade regulado no Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego (BOE núm. 259, do 30 de setembro). Deberán estar encadradas nos sectores cuxa actividade estivese especialmente paralizada. Entenderase como actividade especialmente paralizada:

- En todo caso o lecer nocturno
- Aquelas actividades económicas que se desenvolvan no ámbito das atraccións de feira e que se trate de actividades en que non existe establecemento aberto ao público e que pertencen aos seguintes CNAES: 4724, 4729, 4781, 4782, 4789, 5610, 5629, 5630 e 9200
- Os negocios encadrados nos seguintes CNAES:
  - CNAE 4932: transporte por taxi
  - CNAE 5010: transporte marítimo de pasaxeiros
  - CNAE 5030: transporte de pasaxeiros por vías navegables interiores
  - CNAE 5621: provisión de comidas preparadas para eventos
  - CNAE 5914: actividades de exhibición cinematográfica
  - CNAE 7911: actividades das axencias de viaxes
  - CNAE 7912: actividades dos operadores turísticos
  - CNAE 7990: outros servizos de reservas e actividades relacionadas con eles
  - CNAE 8230: organización de convencións e feiras de mostras
  - CNAE 9001: artes escénicas
  - CNAE 9002: actividades auxiliares ás artes escénicas
  - CNAE 9004: xestión de salas de espectáculos
  - CNAE 9321: actividades dos parques de atraccións e os parques temáticos
  - CNAE 9329: outras actividades recreativas e de entretemento

A finalidade deste programa é a concesión dunha axuda económica ás persoas traballadoras autónomas, para facer fronte á situación económica pola pandemia da COVID-19 que contribúa ao mantemento da actividade económica e do emprego. O prazo de execución da convocatoria vai desde a data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia ata o 31 de decembro de 2020.

#### **Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será **dun mes desde** o día seguinte a data de publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia, ata **18/12/2020**.

O que se fai público para xeral coñecemento e correspondentes efectos.

Mondoñedo, na data de sinatura

O Alcalde,

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

